



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Quén me der unha casada  
para m'axudar a cantar,  
que as solteiras teñen gharbo  
non me queren axudar-e.  
Ai la la...

.....

Chámanlle cara lavada,  
pas'ó río pola porta,  
lávate, miña cuñada.  
Ai la la...

Un rico tomando ron-he  
e i-un ric'adivertido,  
un pobre tomando caña  
é i-un borracho perdido.  
Ai la la...

Dádem'un vaso de viño  
qu'ó viño é cousa Santa,  
fai o cantar delghadiño.

Qué descolorida estás  
y llenita de ojeiras,  
xa volverei a quererte  
que no quero que te mueras.  
Ai la la...

Cando eu falaba contigo  
te peinabas a menudo,  
dendes que hai que non te veo  
párecesm'un perro láudo.  
Ai la la...

Entre yo y mi morena  
tenemos un trato hecho  
de antes morirmos los dos  
pra descubrir nostro fecho.  
Ai la la...